

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN, PARA A REALIZACIÓN  
DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE  
DEPORTIVA PARA O ANO 2025 POLA QUE SE INCLÚEN OS PROXECTOS DE ESPECIAL  
RELEVANCIA (PER)**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

Diego Calvo Pouso, nomeado conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e no uso das competencias establecidas no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Bruno López Molina, presidente da Federación Galega de Balonmán, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a addenda ao convenio de colaboración subscrito con data 10/01/25 de 2025 para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025 e a estes efectos,



## EXPOÑEN

Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asinou, con data 10/01/25 de 2025 un convenio de colaboración coa Federación Galega de Balonmán, por importe total de douscentos vinte e catro mil setecentos sesenta e oito euros (224.768,00 €) coa seguinte distribución por programa:

| PROGRAMAS                                                                                                                                                                                                  | IMPORTE                                                               |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| 1.- Gastos xerais de funcionamento                                                                                                                                                                         | 40.219,00 €                                                           |
| 2.- Tecnificación e rendemento:<br>a) Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD)<br>b) Núcleos de adestramento deportivo especializado<br>c) Centros de Tecnificación                                 | 0,00 €<br>0,00 €<br>0,00 €<br>0,00 €                                  |
| 3.- Team España Future-Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas (TEF-CESA) convocados polo CSD                                                                                    | 37.000,00 €                                                           |
| 4.- Actividade deportiva ordinaria                                                                                                                                                                         | 83.549,00 €                                                           |
| 5.- Los Ángeles 2028                                                                                                                                                                                       | 0,00 €                                                                |
| 6.- Actividade deportiva de promoción:<br>a) do deporte en idade escolar<br>b) do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación<br>c) do deporte para deportistas con discapacidade | 41.000,00 €<br>35.000,00 €<br>5.000,00 €<br>1.000,00 €                |
| 7.- Proxectos de especial relevancia (PER)<br>Copa e Supercopa Galicia 2025<br>Torneo Seleccións Galegas<br>Arena 100 Arena Handball Tour<br>Xira Galega Balonmán Praia 2025                               | 23.000,00 €<br>10.000,00 €<br>10.000,00 €<br>2.000,00 €<br>1.000,00 € |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                                                                                               | <b>224.768,00 €</b>                                                   |



Nos convenios asinados con 57 federacións deportivas de Galicia cun contido común e máis no convenio asinado coa Federación Galega de Piragüismo dotouse parcialmente o programa "Proxectos de especial relevancia" cun importe global de 133.193,00 €, de conformidade cos proxectos inicialmente presentados polas federacións de carácter máis relevante, quedando pendentes de incluír o programa "Outros proxectos de especial relevancia", orientados ao fomento do deporte base, ao fomento da participación da muller, á inclusión de persoas con discapacidade e a promoción da tecnificación e alto rendemento dos deportistas galegos, condicionado á dispoñibilidade orzamentaria, e pendente da súa concreción no 2025.

Neste senso, con posterioridade á presentación do proxecto de orzamentos para o 2025, a aplicación financiadora das transferencias correntes a entidades e federacións deportivas galegas foi incrementada en base á emenda nº 14602 do Grupo Parlamentario Popular ao estado de gastos do Proxecto da Lei de Orzamentos para o ano 2025, aceptándose un incremento de 500.000,00 € na aplicación 05.02.441A.481.0 "Transferencias correntes a entidades e federacións deportivas galegas".

De conformidade coa dispoñibilidade orzamentaria derivada do citado incremento, e unha vez concretados e definidos os calendarios de eventos deportivos das diferentes federacións e despois de informar a todas as federacións da posibilidade de subvencionar os proxectos de especial relevancia enfocados ao deporte feminino, fomento do deporte base, promoción do deporte inclusivo e axudas a deportistas con proxección, solicitaron a inclusión destes programas un total de 46 federacións deportivas.

Tras a análise dos proxectos de especial relevancia presentados polas federacións deportivas galegas, cómpre complementar nos Convenios con estas a dotación do programa "Outros proxectos de especial relevancia" para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025, cun importe total de 497.870,00 €.

A Federación Galega de Balonmán remitiu a solicitude de inclusión no programa "Outros proxectos de especial relevancia", e solicita se teña en conta os seguintes evento/s dentro do programa subvencionable "Proxectos de Especial Relevancia" por estar orientados ao



fomento do deporte base, ao fomento da participación da muller, á inclusión de persoas con discapacidade e a promoción da tecnificación e alto rendemento dos deportistas galegos, e tratarse de evento/s de interese deportivo:

- Proxecto DDT (DEPORTE BASE).
- Supercopa Galicia.
- Plan estratéxico contra a violencia #ASÍSI.

Con base no anterior as partes acordan a seguinte:

### CLÁUSULA

**Primeira.-** Acórdase modificar o cadro de financiamento que figura no convenio como Ficha I, incorporando no Programa 7 os proxectos de especial relevancia que se indican a continuación:

| PROGRAMAS                                   | IMPORTES           |
|---------------------------------------------|--------------------|
| 7. Outros proxectos de especial relevancia: |                    |
| <b><u>EVENTO / PROXECTO</u></b>             |                    |
| Proxecto DDT (DEPORTE BASE)                 | 21.000,00 €        |
| Supercopa Galicia                           | 2.000,00 €         |
| Plan estratéxico contra a violencia #ASÍSI  | 3.000,00 €         |
| <b>TOTAL</b>                                | <b>26.000,00 €</b> |



Polo tanto o importe total do convenio increméntase en vinte e seis mil euros (26.000,00 €), imputables á aplicación orzamentaria 05.02.441A.481.0 (código de proxecto 2014 0066).

En proba de conformidade as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Presidencia,  
Xustiza e Deportes

O presidente da Federación Galega de  
Balonmán

Diego Calvo Pouso

Bruno López Molina

